




PENA CORNEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2017




Distancia: 3 km (ida e volta)
Dificultade: media
Duración: 2 horas



Pena Corneira é un dos monumentos naturais máis coñecidos da comarca do Ribeiro, unha formación rochosa produto do efecto do paso do tempo sobre a Terra e sobre as masas rochosas que había no seu interior, unha demostración do que o traballo da auga e o vento conseguen facer ao coarse polas liñas de debilidade das rochas ata ser quen de partilas e darlle as formas que nos admiran e nos sorprenden.

A Pena Corneira é unha gran rocha, un fito visible desde case todos os lugares do Ribeiro ao norte do Miño, que se atopa case no linde dos concellos de Carballada de Avia e Leiro, que comparten o espazo, rodeada dun bosque de rebolos entre os que medran algúns castiñeiros e sobreiras aos que acompañan nas partes máis húmidas os bidueiros, está declarado Monumento Natural e atópase dentro do espazo protexido Serra de Pena Corneira, de 998 ha, que se estende por terreos dos concellos de Carballada de Avia, Avión e Leiro.



Pena Corneira (á dereita da imaxe)



Vista de Pena Corneira e o monte Outeiral (onde está o miradoiro), á dereita

PERCORRIDO

Desde Leiro, a uns 8 km, pola estrada que sobe a Avión, pasamos ao pé da igrexa de Lebosende, que conserva a súa portada primitiva de estilo entre o románico e o gótico; por Paredes, onde temos á dereita da estrada o seu conxunto de cabaceiros e entre eles e a estrada uns muíños e unhas fervezas; moi preto da igrexa de Serantes, románica, con rosetón e numerosos e moi ben labrados canzoros; por Lamas e o desvío a Corneira antes de atopar o desvío, á esquerda, que vai á igrexa vella de Lamas, románica, ao pé da que se atopa a área de lecer eo centro de interpretación do espazo, pechado e baleiro, e o sitio para deixar o coche. Desde Carballeda de Avia, son case 9 km, pola estrada que pasa por Abelenda das Penas e por Faramontaos, chegamos ao cruzamento coa estrada de Avión onde collemos á esquerda para deixala case deseguida collendo á dereita en dirección a Leiro. A 1km atopamos o desvío, á dereita, que nos leva á igrexa de Lamas e a área de lecer.

Desde a área de lecer temos indicadores para achegarnos aos puntos de interese: o miradoiro, para o que temos que camiñar un pouco en dirección a Leiro ata atopar o sinal do desvío, que está acondicionado pero pouco sinalizado polo que en caso de dúbida hai que seguir, case sempre, cara á esquerda; desde onde temos unha boa vista do conxunto do espazo e os arredores. Desde alí volvemos á area de lecer para continuar a andaina en sentido contrario na procura da Pena Corneira. Aproximadamente a uns 500 m da área de lecer atopamos o desvío, sinalizado e ben balizado, polo que subir ata o pé da pena.

O percorrido tamén se pode facer desde o cruce onde a estrada pola que vimos de Carballeda empata coa que vai a Avión. Alí mesmo hai información e sinais para subir a Pena Corneira camiñando uns 400 m.




Igrexa de Lamas (Leiro), nas proximidades da área de lecer



Área de lecer de Pena Corneira



Miradoiro no monte Outeiral




Camiño do miradoiro



Vista desde o miradoiro cara á Pena Corneira



Vista desde o miradoiro cara ao leste



Distintas vistas de
Pena Comeira



Bríons e fungos sobre o toro dunha árbore

Bolboreta (*Aglais urticae*)